

**ADMINISTRATIVO/A DE ADMÓN. XERAL (QUENDA LIBRE)
CONCELLO DE VIGO – OEP 2014-2015-2016 (3ª FASE)****ANUNCIO
1º EXERCICIO (TEST: 19.09.2021)**

Infórmase ós/ás aspirantes neste proceso selectivo que durante a realización do primeiro exercicio (cuestionario tipo test) que terá lugar o vindeiro DOMINGO, día 19 de setembro de 2021, ás 13:00h, no Pavillón deportivo de Navia (Rúa Lamelas, nº 5), observaranse as seguintes normas.

NORMAS DE ACCESO:

As persoas aspirantes accederán pola porta do recinto que lle corresponda, de acordo coa letra do seu apelido e a distribución que figura no plano anexo.

En cada asento haberá un papel cun número que identifica o lugar ocupado durante a realización da proba, que coincidirá co número da cadeira. Os/as aspirantes deberán cubrir ese papel co seu nome, apelidos e teléfono de contacto, para o caso de que fose necesario contactar con eles (Rexistro COVID-19). O persoal de apoio e os/as membros do tribunal colaborarán para resolver calquera dúbida ó respecto e dar as indicacións que se precisen.

Lémbrese tamén que, de acordo coas Bases reitoras, a proba efectuarase en chamamento único.

DNI E BOLÍGRAFO:


Deberán comparecer para a realización deste primeiro exercicio provistos/as dos seus respectivos DNI e cos seus propios bolígrafos. Ensinarán o DNI estendendo o brazo cara á persoa que realiza o chamamento para facilitar o proceso.

MATERIAL DE PROTECCIÓN COVID-19:

No momento de acceder ó recinto indícaráselle ó/a participante que lave as mans con solución hidroalcohólica. A cada aspirante lle será facilitada unha máscara cirúrxica que deberá substituír pola que leva posta. Desta forma garántese que todas as máscaras utilizadas son conformes á normativa e cumpren os valores requiridos de Eficiencia de Filtración Bacteriana. Se quere conservar a que leva posta, deberá ter previsto cómo gardala para non atrasar o chamamento.

Reitéranse as demais medidas de protección fronte ó contaxio da COVID-19 en procesos selectivos no Concello de Vigo contidas nos Protocolos publicados na web municipal (<https://sede.vigo.org/expedientes/oposiciones/plaza.jsp?id=372&lang=ga>).






PUERTA 4
Pérez Arosa a
Yáñez Ferreiro

PUERTA 3
Kitt Tejerina a
Pequeño Riobó

PUERTA 2
Dacosta Gómez a
Kantor

PUERTA 1
Alberdi Iglesias a
Cruz Rodríguez



CERTIFICADOS DE ASISTENCIA:

Os certificados de asistencia, de precisalos ós/ás aspirantes, expediranse ó final do exercicio.

OUTRAS NORMAS:

Durante a realización da proba todos os dispositivos electrónicos (teléfonos móbiles, smartwatches, tablets, etc.) terán que estar totalmente apagados/desconectados.

Para o bo orden no desenvolvemento da proba e evitar molestias ós/ás demais aspirantes, deberán permanecer nos seus sitios desde o inicio do exercicio e ata a finalización do mesmo.
GRB/

Vigo, [data da sinatura electrónica]
A SECRETARIA TITULAR DO ÓRGANO DE SELECCIÓN,
Asdo.: Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/09/2021 07:39

Páxina 3 de 3

Expediente 37984/220

CSV: 2E81AD-AA55C6-C6C42D-PMKLF2-MMPUSW-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>